

ESTATUTOS DO INSTITUTO DE ESTUDOS ULLOÁNS (IEU)

Índice de capítulos

1. CONSTITUCIÓN E FINS
2. DA XUNTA DE GOBERNO
3. DAS SECCIÓNS
4. DA ASEMBLEA XERAL
5. DOS MEMBROS DO INSTITUTO: DEREITOS E DEBERES
6. DA VIDA ECONÓMICA DO INSTITUTO
7. MODIFICACIONES E DISOLUCIÓN

Capítulo I. CONSTITUCIÓN E FINS

ARTIGO 1º

Constitúese unha asociación sen ánimo de lucro das previstas na Lei Orgánica 1/2002 do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e que ten a denominación “INSTITUTO DE ESTUDOS ULLOÁNS”.

ARTIGO 2º

O Instituto de Estudos Uloáns (IEU) é unha asociación cultural sen ánimo de lucro que ten como fins:

a) Promover a investigación, o estudo e a divulgación cultural en todo o referente ao patrimonio natural, paisaxístico, histórico, artístico, arquitectónico, arqueolóxico, etnográfico, lingüístico, documental, bibliográfico, científico e técnico dos tres concellos que integran a Ulloa.

b) Fomentar a conservación e respecto polo patrimonio da Ulloa, tanto material como inmaterial, como ben cultural, natural e económico.

c) Contribuír, mediante as súas actividades, á apreciación da importancia da cultura propia e dos valores patrimoniais (cultural, natural e paisaxístico) no contexto territorial da Ulloa como elemento clave de afirmación da identidade comarcal e de cohesión social.

d) Asesorar e colaborar en proxectos de desenvolvemento rural sustentable baseados na relación entre cultura e natureza, en ámbitos como o turismo rural ou as empresas ecolóxicas.

e) Fomentar a defensa tanto dos valores tradicionais do agro como da tendencia ecolóxica e conservacionista do novo agro ulloán en canto nova cultura territorial xurdida dos cambios funcionais e de uso que os actuais tempos e a sociedade demandan.

f) Promover estudos e desenvolver actividades culturais en relación ao Camiño de Santiago.

g) Colaborar e compartir informacións con todos aqueles organismos e entidades culturais e educativas cuxos fins sexan compatibles cos propios, así como con institucións europeas, estatais, autonómicas, provinciais ou locais con intereses ou fins comúns.

h) Impulsar a creación do Museo Etnográfico da Ulloa.

Para levar a cabo os seus fins o IEU poderá organizar as seguintes actividades:

- A publicación anual dunha Revista de Estudos Ulloáns, de carácter cultural e científico, que responda aos obxectivos do IEU, e na que se incluírán traballos de

creación de autores ulloáns. Constituiranse con este fin unha Comisión de Publicacións e un Consello de Redacción que traballarán en coordinación coa Xunta de Goberno.

- A creación dunha biblioteca especializada sobre a Ulloa que abranga arquivos de imaxe, son e documentais.

- A publicación ou reedición de estudos sobre a Ulloa.

- A defensa, recuperación e posta en valor do patrimonio cultural, histórico e natural da Ulloa.

- A realización ou promoción de cursos específicos de carácter cultural, científico ou medioambiental.

- A organización de conferencias divulgativas sobre ciencia e saúde dirixidas a sectores pobacionais específicos (estudantes, terceira idade, etc.).

- A organización de exposicións, conferencias e outras actividades sobre o patrimonio e a realidade da Ulloa, así como a promoción e o apoio a actividades musicais e artísticas.

- A realización de actividades culturais relacionadas co Camiño de Santiago.

- A realización de actividades e xestións encamiñadas cara a creación do Museo Etnográfico da Ulloa.

- A colaboración con todo tipo de entidades de carácter cultural, centros de ensino ou outras asociacións e institucións con fins semellantes, principalmente do ámbito da Ulloa.

ARTIGO 3º

O Instituto de Estudos Ulloáns (IEU), terá como ámbito territorial de actuación a Comunidade Autónoma de Galicia.

O domicilio social será en Praza do conselleiro Fernando Salgado nº 2, Monterroso, 27560 Lugo, teléfono: 687408510, correo electrónico: institutoulloa@gmail.com

Capítulo II. DA XUNTA DE GOBERNO

ARTIGO 4º

O Instituto de Estudos Ulloáns estará rexido por unha Xunta de Goberno, composta por un Director/a, un Vicedirector/a, un Secretario/a, un Administrador/a e tres vogais, cargos que serán desempeñados por membros numerarios do IEU, elixidos pola Asemblea Xeral do mesmo. A elección será por catro anos renovables.

Así mesmo, poderán formar parte da Xunta de Goberno os titulares das alcaldías dos tres concellos ulloáns ou persoas nas que deleguen, para o que terán que ser socios da entidade.

ARTIGO 5º

A Xunta de Goberno reunirse en sesión ordinaria cantas veces o determine o seu Director/ra e cando menos dúas veces ao ano. Será convocada polo Secretario/a, por orde do Director/a, cun mínimo de sete días de antelación á data de reunión. Quedará constituída cando asista a metade máis un dos seus membros e para que os seus acordos sexan válidos deberán ser tomados pola maioría dos asistentes.

ARTIGO 6º

A Xunta de Goberno poderá celebrar sesións extraordinarias convocadas por iniciativa do Director/a ou pola solicitude da maioría dos seus compoñentes. Neste último caso, a reunión terá lugar, como máximo, dentro dos trinta días seguintes á súa petición.

ARTIGO 7º

As atribucións da Xunta de Goberno, amais doutras que aparezan neste regulamento, serán:

- a.- Propoñer á Asemblea Xeral os plans anuais de traballo, as memorias anuais e os orzamentos, tanto ordinarios como extraordinarios.
- b.- Propoñer á Asemblea Xeral a admisión de novos membros.
- c.- Propoñer á Asemblea Xeral a creación e modificación de seccións, a súa organización e regulamento, ou, se é preciso, a súa supresión.
- d.- Administrar os bens e rendas do IEU.
- e.- Interpretar o regulamento e outras normativas do IEU.
- f.- Coñecer previamente as obras ou traballos que vaia publicar o IEU, conforme á súa planificación anual e co informe da Comisión de Publicacións.
- g.- Propoñer á Asemblea Xeral a creación das comisións que considere axeitadas e coordinar as comisións creadas.
- h.- Seleccionar o persoal necesario para desenvolver as actividades do IEU: persoal contratado, bolseiros, voluntarios...
- i.- Establecer e asinar convenios de colaboración con outras entidades e institucións.

ARTIGO 8º

O Director/a do IEU exercerá as seguintes funcións:

- a.- Representar legalmente ao IEU ante toda clase de organismos públicos e privados.
- b.- Presidir a Xunta de Goberno e a Asemblea Xeral.
- c.- Sinalar as datas de reunións ordinarias e extraordinarias da Xunta de Goberno e da Asemblea Xeral.
- d.- Nomear vogais para a Xunta de Goberno segundo as necesidades do Instituto, dando conta na seguinte Asemblea Xeral.
- e.- Facer cumprir os estatutos e demais normativa e os acordos lexitimamente adoptados.
- f.- Adoptar, nos casos urxentes, resolucións inmediatas das que dará conta na seguinte Xunta de Goberno.

ARTIGO 9º

No caso de ausencia, enfermidade ou cargo vacante, o Director/a será substituído polo Vicedirector/a, en quen poderá delegar ademais temporalmente, na forma que estime oportuno, algunha ou algunhas das súas atribucións.

ARTIGO 10º

Son funcións do Secretario/a:

- a.- A redacción das memorias anuais.
- b.- O trámite dos asuntos antes e despois das sesións da Xunta de Goberno e da Asemblea Xeral.
- c.- A redacción das actas.
- d.- A expedición de certificacións co visto e praxe do Director/a.
- e.- Ter baixo custodia e debidamente catalogados os documentos, libros, material audiovisual, obxectos artísticos ou históricos, etc., propiedade do IEU ou en depósito.
- f.- Exercer a Xefatura do persoal do IEU.
- g.- Colaborar estreitamente co Director/a na xestión do Instituto.

ARTIGO 11º

No caso de ausencia, enfermidade ou vacante, o Secretario/a será substituído provisionalmente polo vogal máis novo.

ARTIGO 12º

Son funcións do Administrador/a:

- a.- A redacción dos proxectos de presupostos e das súas liquidacións.
- b.- A elaboración do estado de contas anuais a presentar ante a Asemblea Xeral.
- c.- O control de ingresos e gastos.
- d.- Xestionar as subvencións e doazóns para sufragar as actividades desenvolvidas polo IEU.

ARTIGO 13º

No caso de ausencia, enfermidade ou vacante, o Administrador/a será substituído provisionalmente polo vogal máis novo.

ARTIGO 14º

Os/as vogais terán as obrigas propias do seu cargo, que serán a realización de programas e propostas na súa área de actuación, así como as que xurdan das comisións de traballo que a Xunta de Goberno lles encomende.

O Director/a do Instituto poderá nomear novos vogais cando se produza unha vacante, debendo dar conta na seguinte Asemblea Xeral.

ARTIGO 15º

Os cargos cesarán na súa función por:

- a) falecemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica.
- b) renuncia voluntaria.
- c) transcurso do prazo para o que foron elixidos.
- d) acordo de cesamento de toda a Xunta de Goberno adoptado por dous terzos dos asociados reunidos en Asemblea Xeral extraordinaria convocada para tal efecto.

A renuncia e o transcurso do prazo non dan lugar ó cesamento automático, senón que se deberá facer un efectivo traspaso de poderes con entrega de documentación e posta ó día do sucesor.

As vacantes que se puideran producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta de Goberno, serán cubertas provisoriamente entre os ditos membros ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral. En calquera caso, a Xunta de Goberno debe estar integrada como mínimo por 3 persoas, que exercerán as funcións de presidente, secretario e tesoureiro.

ARTIGO 16º

Dous meses antes de rematar o seu mandato o Director/a deberá nomear unha Xunta electoral composta polo secretario da Xunta de Goberno e por cinco membros do IEU elixidos por sorteo e que será presidida polo membro máis antigo. A Xunta electoral fixará a data das eleccións para a Xunta de Goberno e o prazo de presentación de candidaturas.

A elección dos membros da Xunta de Goberno será por sistema de representación directa sobre candidaturas pechadas que obrarán en poder da Secretaría do IEU cunha antelación mínima de trinta días naturais anteriores á data das eleccións. Nas candidaturas que se presenten deberán figurar os nomes dos seus integrantes e os cargos que vaian ocupar, e deberán ir acompañadas dun programa de goberno para os catro anos seguintes.

A elección farase en Asemblea Xeral e o censo electoral estará formado por todos os membros do IEU con ao menos un ano de antigüidade á data de convocatoria.

Capítulo III. DAS SECCIÓNS

ARTIGO 17º

O IEU estrutúrase en dez SECCIÓNS, distribuídas segundo a especialidade. O seu número e as actividades que desenvolvan serán acordados pola Asemblea Xeral a proposta da Xunta de Goberno.

Inicialmente, son dez as seccións do IEU:

1. Historia, Arqueoloxía e Etnografía
2. Filoloxía, Literatura e Toponimia
3. Actividades artísticas e musicais, Gastronomía
4. Ciencias, Medio ambiente e Educación ambiental
5. Xeografía, Arquitectura, Urbanismo, Paisaxismo, Economía
6. Audiovisual
7. Biblioteca e Arquivo documental
8. Sala de exposicións, Visitas guiadas e Voluntariado
9. Museo Etnográfico da Ulloa
10. Economía

ARTIGO 18º

Todos os membros do IEU terán o dereito a estar adscritos a unha ou máis seccións acordes cos seus coñecementos e intereses.

ARTIGO 19º

Cada sección elixirá ao seu Coordinador/a, que será directamente responsable do bo funcionamento da mesma, e deberá estar en contacto permanente co Director/a do IEU.

O Coordinador/a dunha sección poderá ser ao mesmo tempo membro da Xunta de Goberno.

ARTIGO 20º

As seccións non poderán tomar acordos con outras entidades ou asociacións, nen recibir subvencións nin ingresos de ningún tipo, se non é en nome do IEU e co consentimento da Xunta de Goberno.

ARTIGO 21º

As seccións deberán facer figurar o nome do IEU en todos os medios de comunicación que utilicen, así como o dos patrocinadores, e na forma e lugar nos que determine a Xunta de Goberno.

ARTIGO 22º

Cada Coordinador/a de Sección deberá entregar ao Secretario do IEU, antes do 31 de decembro, unha memoria anual de actividades que será engadida á memoria anual do Instituto, así como un proxecto de actividades para o ano seguinte.

Capítulo IV. DA ASEMBLEA XERAL

ARTIGO 23º

A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno do IEU e estará composta por todos os seus membros.

ARTIGO 24º

As reunións da Asemblea Xeral poderán ser ordinarias e extraordinarias e serán convocadas polo Secretario/a, por orde do Director/a, con sete días de antelación como mínimo. Para levalas a cabo necesitarase a asistencia da maioría dos membros en primeira convocatoria, e calquera número de asistentes en segunda, que se realizará media hora máis tarde.

ARTIGO 25º

A Asemblea Xeral reunirse en sesión ordinaria unha vez ao ano, preferentemente no mes de xaneiro, e en sesión extraordinaria cando o decida a Xunta de Goberno ou a soliciten como mínimo os dous terzos dos membros numerarios, e deberá realizarse neste último caso como máximo nos trinta días seguintes á súa petición.

Os acordos da Asemblea Xeral tomaranse por maioría simple dos membros presentes e representados.

ARTIGO 26º

Serán facultades da Asemblea Xeral, amais doutras que aparezan neste regulamento:

- a.- Aprobar os plans anuais de traballo, os presupostos anuais e extraordinarios, as memorias anuais e a liquidación dos presupostos, tanto ordinarios como extraordinarios.
- b.-Ratificar por maioría absoluta aos novos membros, así como decidir sobre a perda da calidade de socios daqueles membros que incumplan os estatutos.
- c.- A creación, modificación e supresión de seccións, así como a súa organización e regulamento.
- d.- A elección dos membros da Xunta de Goberno.
- e.- A modificación dos estatutos.
- f.- A disolución do Instituto.
- g.- A constitución ou integración en federacións.

Capítulo V. DOS MEMBROS DO INSTITUTO: DEREITOS E DEBERES

ARTIGO 27º

Os integrantes do Instituto serán de catro clases:

- a) Socios honorarios, que poderán ser individuais ou colectivos, serán nomeados pola Asemblea Xeral a proposta da Xunta de Goberno, entre persoas ou institucións públicas ou privadas de notable relevo e con obra escrita ou activa nas materias tratadas polo IEU, ou que afecte á vida do mesmo. O seu nomeamento precisará da maioría absoluta dos socios numerarios do IEU. Para o seu cese seguirase o mesmo procedemento.

Os socios honorarios non poderán intervir na dirección da asociación nin nos órganos de representación dela, mais estarán facultados para asistir ás asembleas xerais con voz pero sen voto.

- b) Socios numerarios, que serán aqueles que aporten o seu traballo e dedicación ao IEU tanto nos eidos que abranguen as diferentes seccións como no aspecto organizativo. Os socios numerarios deberán ser admitidos pola Xunta de Goberno e ratificados pola Asemblea Xeral, coa maioría absoluta dos socios numerarios asistentes. Para o seu cese seguirase o mesmo procedemento.

- c) Socios institucionais, que terán os mesmos dereitos que os socios numerarios. Os socios institucionais deberán ser admitidos pola Xunta de Goberno e ratificados pola Asemblea Xeral, que determinará a cota anual que deban satisfacer.
- d) Socios protectores, que serán aqueles que satisfagan unha cota anual especial, aprobada pola Asemblea Xeral, ou ben aporten doazóns ou determinados servizos á asociación.
- Os socios protectores deberán ser admitidos pola Xunta de Goberno e ratificados pola Asemblea Xeral, e terán os mesmos dereitos que os socios numerarios.

ARTIGO 28º

Os/as membros numerarios do IEU terán dereito:

- A asistir á Asemblea Xeral con voz e voto.
- A recibir información sobre os acordos adoptados na Asemblea xeral.
- A asistir ás reunións das seccións nas que están integrados.
- A presentarse ás eleccións á Xunta de Goberno.
- Ao acceso e uso dos fondos e documentación, así como dos locais, instalacións e bens do IEU, nas condicións que a Xunta de Goberno estableza.
- A solicitar a convocatoria dunha Asemblea Xeral Extraordinaria, segundo o procedemento establecido no artigo 25.
- A propoñer á Asemblea Xeral todas aquelas iniciativas que consideren oportunas, notificándoas á Xunta de Goberno cunha antelación de 30 días.
- A asistir ás actividades programadas polo IEU nas condicións económicas que estableza a Xunta de Goberno.

Os/as membros numerarios do IEU terán os seguintes deberes:

- Deben estar adscritos polo menos a unha das seccións do IEU.
- Deberán colaborar, dentro das súas posibilidades e intereses, nas actividades que desenvolve o IEU.
- Todos os membros do IEU deberán cumprir os presentes estatutos e os acordos válidos da Asemblea Xeral e da Xunta de Goberno.

Capítulo VI. DA VIDA ECONÓMICA DO INSTITUTO

ARTIGO 29º

Os membros do IEU poderán pagar cotas periódicas, se ben en situacións excepcionais, e previa aprobación na Asemblea Xeral, terán que realizar aportacións económicas puntuais.

ARTIGO 30º

O IEU carece de patrimonio propio. Os seus medios económicos e materiais serán os que lle faciliten as institucións locais e outros organismos públicos ou privados, cos que deberá establecer convenios de colaboración.

O IEU poderá aceptar doazóns, legados e depósitos de terceiras persoas ou de entidades, coa obriga de destinalos integramente aos fins propios do IEU nas condicións que os doantes poidan facer constar no correspondente documento.

ARTIGO 31º

O exercicio asociativo e económico do IEU será anual e o seu peche terá lugar o 31 de decembro de cada ano.

Capítulo VII. MODIFICACIÓNS E DISOLUCIÓN

ARTIGO 32º

A modificación do presente regulamento só se poderá facer polo acordo da Asemblea Xeral, co voto favorable cando menos de dous terzos do total dos membros numerarios, ou no caso dunha segunda convocatoria co voto favorable da maioría absoluta dos asistentes.

ARTIGO 33º

En caso necesario a Asemblea Xeral podería acordar, co voto mínimo de dous terzos do total dos seus membros, a disolución do IEU, pasando os seus fondos e o seu posible patrimonio a ser propiedade plena dos tres concellos da comarca da Ulloa (Antas de Ulla, Monterroso e Palas de Rei) para ser destinados a fins semellantes aos recollidos no artigo 2º.

Monterroso, 1 de agosto de 2017

Xosé Miguel de Castro Blanco, secretario da asociación Instituto de Estudos Ulloáns, certifica que os presentes estatutos da asociación están redactados coa inclusión das modificacións acordadas na Asemblea Xeral do 18 de febreiro de 2017 e que afectan aos artigos 4º (redución a 3 vogais na composición da Xunta de Goberno) e 27º (integrantes do Instituto: socios numerarios, honorarios, institucionais e protectores), así como a modificación do artigo 27.c (dereitos dos socios institucionais) requirida o 15 de marzo de 2017 polo Servizo de Entidades Xurídicas e Corporativas da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia.

Asdo.: Xosé Miguel de Castro Blanco

Visto e prace
O director da asociación

Asdo: Xosé Francisco Pardo Teijeiro